



"TODO PÚBLICO ESCOLAR" PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2024/2025. PRIMAVERA 2025

PROGRAMACIÓN PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- Cada grupo deberá estar acompañado, polo menos, por unha persoa responsable do centro.
- A programación de **educación infantil** está pensada para escolares **a partir dos 4 anos**.
- **A capacidade máxima** será de 300 espectadores/as (incluído o profesorado); ou o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.

En función das características do espectáculo e do nivel dos/as escolares, pódese producir unha redución da capacidade da sala.

ENTRADAS

Prezo do billete de entrada: 2,00 € por alumna/o para o alumnado de todos os niveis; e gratuíta para o profesorado acompañante.

RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS

1. As entradas deben ser retiradas e aboadas, no prazo que se asina no calendario que aparece a continuación.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaránselle as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
3. As entradas recolleranse no Forum Metropolitano, **con cita previa** (chamando ao teléfono 981 184 297). Recoméndase o pagamento mediante tarxeta de crédito.
4. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas ou aumentalas se quedan prazas vacantes.
5. Permitiranse un **máximo dun 10% de devolucións** (sobre as resevas feitas polo centro nun primeiro momento), sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. **O importe será devolto ao termo da función.** No caso de que fosen aboadas con tarxeta de crédito haberá que presentala.
6. A factura seralle enviada ao centro escolar posteriormente á función.

ACCESO AO FÓRUM METROPOLITANO

En autobús, acceda desde a Avda de Oza en sentido baixada para chegar á rúa Rio Monelos. Desta forma, os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Forum.

Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata porta principal.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

BENVIDAS/OS AO TEATRO!

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, permanecerá na sala en todo momento, organizará a saída ordenada e intentará solucionar as posibles incidencias que se poidan presentar.

PAUTAS A SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO

- Vimos todas/os divertirnos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.
- A hora indicada na entrada é a hora de inicio da función. AGRADECESE PUNTUALIDADE. É aconsellable chegar ao Forum con 10 ou 15 min de antelación.
- Agradécese que a entrada e saída do edificio sexa en orde e no maior silencio posible, para evitar molestar ás persoas usuarias e traballadores do Forum.
- Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán ao auditorio portando cada unha a súa entrada.
- Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá o acceso ao auditorio.
- Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- Non está permitido comer nin beber (excepto auga) no auditorio.

MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Realizarase limpeza e ventilación do auditorio antes e despois de cada función.

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade.

PROGRAMACIÓN:

TEATRO PARA EDUCACIÓN INFANTIL (4 anos) E EDUCACIÓN PRIMARIA

Espectáculo	Compañía	Nivel educativo	Datas	Horario	Duración	Data tope de abono
A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES	Sarabela Teatro (Galicia)	2º e 3º ciclo EP	7 febreiro 2025	10.00 e 12.00 h	55 min	31 xaneiro
LA MAESTRA	Anita Maravillas & Portal71 (País Vasco)	2º e 3º ciclo EP	7 marzo 2025	10.00 e 12.00 h	55 min	28 febreiro
SOLO	Roi Borrallas (Galicia)	El (5 anos) - 1º e 2º ciclo EP	21 marzo 2025	10.00 e 12.00 h	45 min	14 marzo
MOBY DICK	Pedras de Cartón (Galicia)	El (4-5 anos) – 1º ciclo EP	9 maio 2025	10.00 e 12.00 h	45 min	2 maio
OS CONTOS DO LOBICÁN	Redrum Teatro (Galicia)	El (4-5 anos) – 1º ciclo EP	23 maio 2025	10.00 e 12.00 h	45 min	16 maio

TODOS OS ESPECTÁCULOS SERÁN NO **FORUM METROPOLITANO**



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES de Sarabela Teatro (Galicia)

7 febreiro de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 2º e 3º ciclo de Educación Primaria



Este conto podería comezar dicindo: “Unha vez había unha moza que non estaba soa e unhas perdices que voaban felices”, pero non. Esta historia, escrita por Nunila López Salamero fálanos dunha moza perdida que pretende desmontar os falsos mitos arredor do amor romántico, fálanos de tantas historias de princesas liberadas por príncipes azuis que en demasiados casos saen ras.

A cincenta que non quería comer perdices é un conto moderno para nenos/as que revisa con humor o papel que desempeñou a muller durante moito tempo. É un argumento que defende a liberdade de ser quen unha queira ser e como unha queira ser.

Esta peza pon en cuestión o papel que xogaron na historia os contos de fadas nos que se acaba por promover o rol das nenas como entes pasivos agardando a que lles pidan a man. “A cincenta que non quería comer perdices” fala de temas tan de actualidade como a violencia de xénero, que segue sendo un problema entre a xente máis nova.

Duración: 55 minutos

Espectáculo en lingua galega

Autoría: Nunila López Salamero

Dirección e adaptación: Fina Calleja

Elenco: Elena Seijo, Sabela Gago e Fernando Dacosta



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

LA MAESTRA de Anita Maravillas & Portal71 (País Vasco)

7 marzo de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 2º e 3º ciclo de Educación Primaria



A mestra é valente, hábil e riseira. Cre nas capacidades dos nenos e das nenas, nas de todos e todas. A mestra e a súa pequena clase construíron xuntos unha fermosa escola, unha escola no bosque con cabida para todos os animais. A palabra máis querida pola nosa mestra é a liberdade, polo que quere que a súa clase creza libremente. Desgraciadamente, as persoas maiores comezan unha guerra que obrigará os nosos protagonistas a deixar atrás a súa soñada escola, unha escola construída desde o amor e o coidado mutuo. A historia de La maestra é un intento tolo e fermoso de ser libre e feliz. A través desta historia viaxan as palabras daquelas valentes mestras e musitan ao oído que a primeira condición para ser libre é intentalo.

Duración: 55 minutos

Espectáculo en lingua española

Autoría: Miren Larrea

Dirección: Iván Alonso

Elenco: Maren Basterretxea e Valentina Raposo

Premio Fetén 2024. Mellor Espazo Escénico



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

SOLO de Roi Borrallas (Galicia)

21 marzo de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a Educación Infantil (5 anos) e 1º e 2º ciclo de Educación Primaria



O hábitat natural de calquera pallaso é a escena, co seu público. Pero que pasa cando queda só? É no camerino onde se mesturan a persoa e o personaxe. Onde se dilúe a liña que os separa. Un limbo que non é o escenario nin a vida real. É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo... Pasen e vexan a trastenda deste artista, as súas ideas e tolemias. Vexan como se defende da soidade e a rutina con imaxinación e humor. Pasen e vexan o que ninguén ve. Unha persoa ante si mesma. Un actor sen público, un pallaso cando ninguén o observa.

Duración: 45 minutos
Espectáculo sen palabras

Autor e actor: Roi Borrallas
Dirección: Joan Cot

Premio Fetén 2023. Mellor Actor

Premio Zirkólíka 2022. Mellor espectáculo de Pallasos




REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

MOBY DICK de Pedras de Cartón (Galicia)

9 maio de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a Educación Infantil (4-5 anos) e 1º ciclo de Educación Primaria



Moby Dick é unha proposta de teatro de rúa adaptable a sala para público familiar a partir de 4 anos. Un espectáculo de **Pedras de cartón** creado a partir da afamada novela de Herman Melville que xoga coa figura do gran cachalote protagonista da novela, un monicreque de tres metros creado polo monicrequeiro Iker Pérez.

Moby Dick conta a historia de Ismael, un mozo que decide embarcar nun barco no que vivirá unha morea de perigosas aventuras.

Duración: 45 minutos

Espectáculo en lingua galega

Autor: Juan Rodríguez sobre o texto de Herman Melville

Adaptación, dirección e interpretación: Juan Rodríguez



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

OS CONTOS DO LOBICÁN de Redrum Teatro (Galicia)

23 maio de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a Educación Infantil (4-5 anos) e 1º ciclo de Educación Primaria



Espectáculo que mestura interpretes reais con monicreques, ***Os contos do Lobicán*** é unha historia conmovedora que resalta a importancia da amizade, a aceptación da diferenza e o respecto pola natureza, deixando unha poderosa lección sobre a importancia de valorar as relacións persoais e protexer o noso medio ambiente.

Lobicán é un animalíño curioso que goza explorando o bosque e compartindo momentos coa súa familia. A pesar da súa reticencia cara á escola e o estudo, Lobicán mostra un profundo interese por aprender sobre a natureza e o mundo que o rodea.

O marabilloso texto de Eva Mejuto foi gañador do **XV Premio Barriga Verde 2022**.

Duración: 45 minutos

Espectáculo en lingua galega

Autora: Eva Mejuto

Dirección: Alex Sampayo

Elenco: Guillermo Carbajo, Victoria Pérez